

## A PIE DE CALLE

**CECILIA ALVARELLOS**

Profesora de matemáticas



A docente traballa na actualidade no Instituto Val do Asma de Chantada

«Hai que intentar que as matemáticas sexan máis aplicables á vida real»

**Pablo Jiménez**

SANTIAGO | Cecilia Alvarellos leva 25 anos impartindo clases de matemáticas en colexios e institutos. A partir de súa experiencia como docente xurdiu o libro *O xornal na clase de Matemáticas*, editado pola editorial Alvarellos, que pretende axudar aos alumnos a entender esta asignatura dun modo máis práctico e cercano á realidade.

—¿Como xurdiu este libro?

—Á hora de ensinar matemáticas os rapaces nun principio non están moi motivados, así que hai que buscar cousas diferentes para incentivar o seu interese. Probei con diferentes tipos de noticias dos xornais, para ver cales delas lles motivaban máis, e a partir de aí fun elaborando un material e uns exercicios para traballar con eles.

—¿Esta obra pode funcionar como un libro de texto máis?

—Non exactamente, pero si como apoio e complemento. É un libro de actividades que, na miña opinión, pode ser de gran axuda para outros docentes.

—¿Por que as matemáticas resultan tan duras para os alumnos?

—Esta é unha asignatura que se deu dende sempre dunha maneira moi teórica e hai que intentar que sexan máis aplicables á vida real. Este é o obxectivo do libro, que xoguen coas estatísticas ou os gráficos que saen na prensa, é dicir, con cousas reais e que poden coñecer. E de paso axudar a que os rapaces se interesen pola lectura en xeral, e pola lectura dos xornais en particular.